XUNTA DE GALICIA
Colexio de Educación Infantil e Primaria Piñeiros
15019499

Rúa Río Castro, nº5
15570, Narón, A Coruña
T. +34 881930378
ceip.pinheiros@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceippinheiros/

# CALENDARIO PARA A CELEBRACIÓN DE ELECCIÓNS A CONSELLO ESCOLAR 2024

Segundo a *Resolución do 10 de setembro de 2024* (DOG do 18-9-2024)

| DATAS | ACTUACIÓNS |
|---|---|
| **11 outubro (venres)** | - Publicación no taboleiro de anuncios do centro da data e hora na que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral (artigo 30 do decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1994; DOG do 9 de agosto).<br>- Circular aos pais e publicación en AbalarMóbil da data e hora na que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral, explicando o proceso. |
| **18 outubro (venres)** | -Sorteo público de integrantes da Xunta Electoral ás 9:00 horas, (membros titulares e suplentes).<br>-Chamamento telefónico aos pais/nais para a recollida das respectivas citacións e entrega en man das mesmas aos mestres/as e persoal de administración e servizos. |
| **22 outubro (martes)** | -1ª reunión da Xunta Electoral ás 9:00 horas:<br>a) Acto de constitución.<br>b) Aprobación do calendario de actuacións.<br>c) Escrito ao Concello solicitando a designación do seu representante.<br>d) Escrito á ANPA solicitando a designación do seu representante.<br>f) Convocatoria para a 2ª reunión da Xunta Electoral para o martes 12 de novembro, ás 9:00 horas. |
| **28 de outubro (luns)** | -Publicación nos taboleiros de anuncios:<br>a) Das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos.<br>b) Dos correspondentes censos electorais.<br>- Envío de circular ás nais e pais do alumnado, aos mestres e mestras e ao persoal de administración e servizos da convocatoria de cada un dos seus sectores. |
| **Ata o 6 de novembro (mércores)** | -Período de reclamación aos censos: ata as 14:00 horas do 6 de novembro. |
| **Do 29 outubro ao 11 de novembro** | -Prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores (pais/nais, profesorado e PAS). Ata as 14:00 horas do luns 11 de novembro. |
| **1 de novembro** | Remisión da convocatoria de claustro informativo, para o martes, 12 de novembro, por parte da dirección do centro. |

| | |
|---|---|
| **12 novembro (martes)** | -Segunda reunión da Xunta Electoral, ás 9:00 horas:<br>a) Análise e resolución das posibles reclamacións aos censos electorais.<br>b) Aprobación definitiva dos censos electorais, modelos de papeletas e sobres.<br>c) Proclamación e publicación de candidatos.<br>d) Sorteo público para a designación dos membros das mesas electorais (ás 9:15 horas).<br>e) Apertura do prazo de reclamacións á proclamación das candidaturas: días 13 e 14 de novembro.<br>f) Convocatoria para a 3ª reunión da Xunta Electoral para o venres 15 de novembro ás 9:00 horas (só se hai reclamacións á proclamación de candidaturas que se resolverían nesta reunión).<br>g) Convocatoria para a 4ª reunión da Xunta Electoral para o mércores, 20 de novembro, ás 9:00 horas.<br>- Chamamento telefónico aos pais/nais para a recollida en man das citacións para a constitución da mesa electoral do seu sector.<br>- Exposición pública das listas definitivas de candidatos/as de todos os sectores.<br>- Comunicación aos pais/nais e ao PAS das candidaturas do seu sector.<br>-Comezo das campañas electorais.<br>-Envío de circular informativa aos/ás pais/nais do alumnado anunciando as candidaturas do seu sector e lembrando o día da votación e as horas.<br>- Reunión informativa do Claustro de Profesorado, ás 17:15 horas: normas, candidaturas, acordo de convocatoria de claustro extraordinario para o martes, 19 de novembro, ás 17:15 horas.<br>- Convocatoria de claustro extraordinario para o martes, 19 de novembro, ás 17:15 horas. |
| **13 e 14 de novembro** | Reclamacións á proclamación de candidaturas dos distintos sectores. |
| **15 de novembro (venres)** | -3ª Reunión da Xunta electoral. Só se hai reclamacións á proclamación de candidaturas. Se se producen reclamacións, resolveríanse nesta reunión.<br>-Proclamación definitiva de candidatos/as. |
| **19 de novembro (martes)** | **VOTACIÓNS PARA TODOS OS SECTORES**<br>-Elección dos representantes dos pais/nais. Votación dende as 9:00 horas ata as 9:30 horas e, dende as 13:30 ata as 14:00 horas.<br>- Eleccións de persoal de administración e servizos ás 11:30 horas.<br>-Elección dos representantes do profesorado en Claustro extraordinario ás 17:15 horas. |
| **20 novembro (mércores)** | -Terceira e última reunión da Xunta Electoral ás 9:00 horas:<br>a) Proclamación e publicación dos/das distintos/as candidatos/as electos/as.<br>b) Traslado das actas das mesas electorais ao titular da Dirección Territorial de Educación. Contra as decisións tomadas pola Xunta Electoral poderase presentar por un prazo de quince días reclamación perante á Dirección Territorial de Educación.<br>c) Publicación das actas no taboleiro de anuncios.<br>-Envío de convocatoria de reunión para a constitución do novo Consello Escolar para o martes 26 de novembro ás 17:30 horas. |
| **26 de novembro** | -Constitución e reunión do novo Consello Escolar ás 17:30 horas.<br>a) Constitución das distintas comisión: económica, de convivencia, |

| | |
|---|---|
| **(martes)** | outras.<br>b) Traslado da documentación á Dirección Territorial de Educación. |
| **Antes do 12 de decembro** | -Remisión do informe do proceso de constitución do Consello Escolar ao departamento Territorial. Anexo II da Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de menbros dos Consellos Escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. |

Narón, 22 de outubro de 2024

A Xunta Electoral do CEIP Piñeiros